

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EXTRACTO da Orde do 16 de novembro de 2017 pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2017/18 (ED101A).

BDNS (Identif.): 372161.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Os centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensino regrado de nivel non universitario, sexan persoas físicas ou xurídicas, que cumpran os requisitos e as condicións que se establecen nesta orde.

Segundo. *Obxecto*

O establecemento de subvencións para a realización de proxectos de fomento do uso do galego dos centros privados de ensino de Galicia, promovidos polos equipos de dinamización da lingua galega e polo profesorado responsable do proxecto, naqueles centros de ensino que contén con menos de seis unidades, durante o curso escolar 2017/18 (ED101A).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 16 de novembro de 2017 pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2017/18 (ED101A).

Publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.



Cuarto. *Contía*

Importe total da convocatoria: 22.600 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 15 de xaneiro de 2018.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

